

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA DA XESTIÓN TÉCNICO-ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS <i>Real decreto 613/2001 (modificado polo 1650/2004)</i>	AG244D	AUTORIZACIÓN

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a Información a que se refire o artigo 78.4.c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades dos animais.

A presenza da enfermidade encefalopatía esponxiforme bovina implica a adopción das medidas previstas no Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais. A aplicación destas medidas sanitarias tan rigorosas supón o sacrificio obrigatorio e destrución dos animais, seguido dunha hixienización das instalacións da explotación, para os casos de que non se poida descartar a enfermidade ou se confirme a súa presenza.

Coa aprobación da orde correspondente pola que se establecen as indemnizacións por sacrificio obrigatorio dos animais como consecuencia da declaración oficial da existencia da enfermidade, régulanse os mecanismos para conseguir que o importe co que se vai indemnizar os animais sacrificados por motivo de sospeita ou confirmación da enfermidade sexan equivalentes ao valor medio normal en vida nos mercados gandeiros de referencia.

Con todo, as indemnizacións establecidas son insuficientes para paliar as importantes perdas económicas dos produtores, sobre todo naquelas explotacións nas que se fai un baleiro sanitario total por sacrificio preventivo e destrución de todos os seus animais, que, ademais, teñen que sufrir ese período de inactividade produtiva ata que os servizos veterinarios oficiais autoricen novamente a reintrodución de animais novos nesa explotación.

Estas perdas son moito máis acusadas canto máis tempo se impón como exixencia mínima de período de baleiro nas explotacións, antes de permitir a incorporación doutros animais nelas, como sucede no caso doutras enfermidades obxecto dun programa oficial de control e erradicación.

As directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C-28/2), no caso das destinadas á loita contra enfermidades animais e vexetais, consideran a posibilidade de engadir unha compensación razoable por ingresos non percibidos, tendo en conta as dificultades que comporta a reposición do gando e os períodos de espera ou de corentena impostos ou recomendados polas autoridades competentes para eliminar a enfermidade antes de efectuar a reposición.

Así, aínda que a lexislación de sanidade animal reconece expresamente o dereito do dono do animal a ser indemnizado polo dano causado ao sacrificar os animais, a aplicación dos métodos de valoración existentes na actualidade non son proporcionais á deterioración patrimonial que efectivamente ocorre porque se lle impide producir durante un período de tempo cando, en moitos casos, constitúe o seu medio de vida, polo que, unha vez declarada a enfermidade vanse producir na práctica situacións de grave desamparo e indefensión.

Consecuentemente co exposto anteriormente, faise imprescindible establecer os mecanismos de reparación e resarcimento dos danos realmente causados ao propietario ante o establecemento de medidas obrigatorias como consecuencia dun programa de prevención e erradicación de enfermidades dos animais das que en ningún caso se pode facer responsable ao propietario da explotación.

Ademais, cómpre ter en conta a dificultade coa que se atopa o produtor para poder repoñer os animais de similares características aos que se lle obrigou a sacrificar, e que na meirande parte dos casos non hai posibilidade de acadar a reposición total ao mesmo tempo.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, reguladora da Xunta e do seu presidente

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é establecer axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos de EEB ou outras enfermidades sometidas a programas de erradicación.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Os titulares das explotacións nas que se sacrificasen ou destrúsen de forma preventiva todos os animais ruminantes por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles, ou doutra enfermidade sometida a un programa oficial de control e erradicación recibirán unha compensación por ingresos non percibidos de acordo co establecido nos seguintes artigos desta orde.

Artigo 3º.-Contía.

O importe das referidas compensacións será determinado con base nos cálculos aplicados ás marxes brutas das principais actividades produtivas gandeiras das explotacións, que se xuntan como anexo II a esta orde, tendo en conta o período de inactividade desde o momento do baleiro sanitario da explotación. O período indemnizable será de tres meses contados desde que se autorice oficialmente a reintrodución

de animais e sumados ao tempo de baleiro da explotación, sempre de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

Non obstante o anterior, en caso de recuperación parcial da actividade, se se repón, polo menos, o 25% dos animais antes de tres meses desde a data de autorización oficial de reposición, será descontado para o período restante o importe correspondente ás unidades de produción restituídas, e o período que se indemnice despois de autorizar a reposición poderá prolongarse ata un máximo de doce meses.

Artigo 4º.-Requisitos.

Para poder ter dereito ás indemnizacións establecidas nesta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre sanidade animal, programas de erradicación de enfermidades animais e vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles. Esta normativa recóllese na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; Regulamento de epizootias do 4 de febreiro de 1955; Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación das enfermidades dos animais; Regulamento (CE) 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, referente á vixilancia epidemiolóxica e aos controis das encefalopatías esponxiformes transmisibles e as súas posteriores modificacións; Regulamento (CE) 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano; e en todas aquelas normas de desenvolvemento en materia de sanidade animal.

Artigo 5º.-Financiamento.

As compensacións establecidas nesta orde aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.03.613-A.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, para o que se destina inicialmente un importe de 550.000 euros que será incrementado na medida necesaria para que poidan ser atendidas todas as solicitudes recibidas.

A concesión da axuda estará condicionada á aprobación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, de acordo co artigo 5 da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

Artigo 6º.-Solicitudes, prazo e documentación.

1. As solicitudes de axudas, segundo modelo que figura como anexo I desta orde, poderán presentarse nas oficinas da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, así como nos demais lugares e formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Decreto 200/2003, do 20 de marzo. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte da data de publicación desta orde ata o 21 de novembro de 2005, incluíndo esta data no cómputo do prazo.

2. Os beneficiarios das axudas deberán presentar xunto coa solicitude os documentos xustificantes do sacrificio dos animais conforme a normativa vixente. Ademais, deberán presentar:

a) Declaración complementaria do conxunto das axudas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

b) Certificación da entidade bancaria acreditativa de que a conta indicada na solicitude para a domiciliación dos pagamentos corresponde aos solicitantes.

Os beneficiarios terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 7º.-Tramitación e resolución.

Unha vez comprobados os requisitos exixidos nos artigos anteriores, polas delegacións provinciais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e pola Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria:

1. Será emitida resolución do conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural de aprobación ou denegación da axuda na que se especificarán os recursos que procedan. Contra esa resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. No caso de que, transcorridos seis meses desde o rexistro da solicitude de axuda, non se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a axuda. Transcorrido o dito prazo, o interesado disporá de tres meses contados a partir do día seguinte ao que se entenda desestimada a axuda para interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente no prazo de dous

meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se é expresa, ou seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 8º.-Modificación da resolución.

A resolución de concesión da axuda poderá ser modificada por alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión.

Artigo 9º.-Pagamentos parciais.

Poderán realizarse pagamentos parciais mensuais á conta da liquidación definitiva, conforme o artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 10º.-Compatibilidades.

As axudas reguladas por esta orde serán compatíbles con calquera outra que poida obterse de distintas administracións para esta finalidade.

Artigo 11º.-Reintegró.

O incumprimento polo beneficiario de calquera das condicións establecidas nesta orde dará lugar á perda do dereito á axuda e á devolución, se é o caso, das cantidades indebidamente percibidas, sen perxuízo doutras responsabilidades a que houber lugar (artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia).

Disposición adicional

Nos aspectos non contidos nesta orde haberá que atenderse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDEMENTO COMPENSACIÓNS COMPLEMENTARIAS: XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG539B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

TITULAR		CEA	NIF
ENDEREZO			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

E na súa representación

APELLIDOS		NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA OFICINA	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ EN CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE AO ASINANTE DELA.
- ☐ CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA.
- ☐ CERTIFICACIÓN DE SACRIFICIO DE ANIMAIS E BALEIRO DA EXPLOTACIÓN.
- ☐ DECLARACIÓN DE AXUDAS.

O que abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na orde do _____ da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades dos animais.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200		

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

ANEXO II

Marxes brutas das principais actividades produtivas gandeiras das explotacións (valores en euros/unidade)

Actividade	Unidades	Características	Pdto. bruto	G. variabl.	Marxe bruta
Cabrún	Nai	Sen primas	102,17	9,62	92,56
Ovino	Nai	Con primas	90,15	9,62	80,54
Ovino	Nai	Sen primas	60,10	9,62	50,49
Vacún carne	Cab	Dereitos + prima exten.	1.144,72	358,73	785,99
Vacún carne	Cab	Con dereitos	1.044,72	358,73	685,99
Vacún carne	Cab	Sen dereitos	857,04	358,20	498,84
Vacún leiteiro	Litros/cota/ano	< 50.000 l. expl.	0,32	0,15	0,17
Vacún leiteiro	Litros/cota/ano	De 50.001 a 100.000	0,32	0,14	0,18
Vacún leiteiro	Litros/cota/ano	> 100.000	0,34	0,15	0,19
Xatos ceba	Praza (1,25 xato)	0-9 meses	854,19	628,81	225,38
Xatos ceba	Praza (1,25 xato)	Con prima	1.054,19	628,81	425,38
Xatos ceba	Praza (1,25 xato)	Prima + prima extensi.	1.179,19	628,81	550,38

Os cálculos para a determinación dos importes das compensacións faranse multiplicando o valor en euros da marxe bruta de cada unidade de produción, polo número de unidades de produción que consten como datos oficiais referidos á explotación afectada na Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Resultará así un importe anual que dividido por 365 días determinará o importe diario que, pola súa vez, será multiplicado polo número de días de inactividade.

En caso de recuperación parcial da actividade serían descontados, para os días restantes, os importes das unidades de produción correspondentes.

Para os casos en que o período de inactividade supoña a perda de posibilidade de percepción do importe total da prima anual aplicarase para o cálculo o valor de marxe bruta sen prima e incrementarase o importe final co valor total anual da prima.

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se convocan subvencións a empresas vinculadas co sector audiovisual para apoiar o desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega, así como a produción audiovisual en lingua galega.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, no exercicio das súas competencias de fomento e promoción nos diversos ámbitos da cultura en Galicia, é consciente da importancia que progresivamente está a adquirir o sector audiovisual na sociedade actual, contribuíndo ao enriquecemento cultural e ao desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde a Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia xa se considerou a importancia cultural e económica do sector audiovisual sinalando a necesidade de que se estimule e se potencie o

crecemento e o desenvolvemento deste sector estratéxico; así, empregando instrumentos para o fomento e o impulso das actividades propias da actividade profesional do audiovisual como son as subvencións que se outorgan desde convocatorias públicas de concorrencia competitiva como as desta orde.

A través das axudas ao desenvolvemento dos proxectos audiovisuais en lingua galega preténdese fomentar unha das fases máis esenciais da produción audiovisual, como é a da posta a punto dos aspectos guionísticos e orzamentarios.

Enténdese por desenvolvemento de proxectos o conxunto de operacións que preceden á fase de produción propiamente dita, a rodaxe dunha obra audiovisual. O devandito concepto inclúe, en particular, a redacción do guión, a procura de socios, a preparación do plan financeiro da produción, a elaboración do plan de márketing e de distribución.

Para certos tipos de produción, considéranse como parte integrante do desenvolvemento da obra a investigación gráfica e a realización dun filme piloto (para as películas de animación), a busca de arquivos (para as producións que valoren o patrimonio audiovisual europeo) e o desenvolvemento de software específico (para producións multimedia).

Este procedemento de desenvolvemento culmina propiamente coa fase da produción polo que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo establece axudas para a produción audiovisual en lingua galega, co fin de fomentar o crecemento do sector audiovisual en lingua galega na nosa comunidade autónoma.

Por todo isto,

DISPOÑO:

I. Bases para a concesión das subvencións.

Artigo 1º.—Obxecto e partida orzamentaria.

Convócanse subvencións, mediante réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega e a realización de producións audiovisuais en lingua galega.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo dedicará un importe de 3.977.313 euros, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.353B.770 dos orzamentos xerais da